



V CONCURSO INTERNACIONAL DE PINTURA RÁPIDA NA VILA DE MONTERREI

1 DE OUTUBRO



Concello de Monterrei

Información:

 **Turismo Monterrei 988361360**

 **Turismomonterrei@gmail.com**

Monterrei, nombre romántico y hazañero que, no cabiendo en los límites del viejo mundo, traspuso los mares para bautizar y dar su nombre a un bellissimo territorio de Nueva España...

Palabras de D. Benigno González Sologastúa.

BASES
CONCURSO PINTURA Ó AIRE LIBRE NA VILA DE MONTERREI

Descrición

O 1 de outubro de 2022 celebrarase no entorno da fortaleza de Monterrei o Concurso de Pintura ó Aire Libre na Vila de Monterrei, que organiza o Concello de Monterrei. Este certame realizase no marco de colaboración coa Deputación de Ourense.

1)- Premios.

Establecense os seguintes premios:

- Primeiro Premio: 1000 €.
- Segundo Premio: 500 €. (Compra de Obra).
- Terceiro Premio: Escultura do artista Xose Rivada.
- Accesit : 150 € patrocinado por Gargalo S.L.

(Os premios estarán suxeitos á retención de IRPF que corresponda)

A obra premiada e a compra de obra pasarán a ser propiedade da organización, así como o dereito a súa reprodución, exposición ou calquer outro uso que da mesma desexe facer por parte da mesma.

A obra premiada co terceiro premio e á que se lle otorgue o accésit quedarán en propiedade do autor.

*No momento da publicación destas Bases a Organización non descarta a inclusión doutros premios.

2)- Participantes

- Poderán presentarse ó certame artistas maiores de 18 anos profesionais ou aficionados/as, que presenten a súa solicitude dentro do prazo habilitado polas presentes bases.
- Cada artista poderá participar cun máximo de 1 obra realizada o día do certame.

3)- Temática, técnica e espazo.

- O tema obrigado será o entorno paisaxístico e monumental da Vila de Monterrei. Con distribución libre, no conxunto, d@s artistas.
- A execución da obra deberá de ser *in situ*. Non se permitirá o emprego de fotografías, ordenadores, cámaras, medios ou materiais fotográficos salvo que debido ás inclemencias do tempo así o decida a organización no mesmo día do concurso.
- Os estilos e as técnicas serán libres sobre lenzo ou soporte rixido.

4)- Soporte

A organización selará a cada participante o soporte, aportado polo artista, que se presentará en branco ,sen manipular.

As medidas do soporte, que deberá ser rixido, serán de 81x60.

As obras poderanse realizar en calquera técnica: óleo, acrílico, acuarela, etc. O artista virá provisto de todo o material necesario para a execución da súa obra incluído o cabaleta para expoñer a pintura realizada.

5)- Inscripción e Información

A data de inscrición será dende a publicación destas bases ata o día 23 de setembro de 2022.

Formalizarase a inscrición de cada artista enviando folla de inscrición anexa, copia do DNI, envío de 3 imaxes de obra e 1 lixeiro curriculum artístico.

Farase unha selección de artistas que levará a cabo a organización asesorada por xente do mundo da arte contemporánea.

O envío das inscricións farase á Oficina de Turismo de Monterrei con dirección postal Paseo das Damas s/n (32618) de Monterrei (Ourense) o vía mail en: turismomonterrei@gmail.com, con teléfono de información 988361360.

A inscrición quedará validada unha vez a mesma sexa entregada ou enviada por correo electrónico á dirección turismomonterrei@gmail.com.

A organización comunicará o 25 de setembro de 2022, os participantes seleccionad@s para a súa participación no concurso e se establecerá unha lista de reserva para posibles vacantes na primeira selección de participantes. @s artistas seleccionad@s contarán con 2 días, ata o 28 de setembro, para a confirmación da súa participación, cubríndose posibles vacantes coa lista de reserva.

6)- Presentación e tempos de concurso

As persoas participantes presentaránse o 1 de outubro de 2022, a partir das 09.30hrs.e ata as 10.30hrs, no punto de control instalado na oficina de turismo de Monterrei para o selado do soporte e entrega de acreditación.

O tempo de actividade será entre as 10:00hrs. e as 16:00hrs.

7)- Entrega de obras e decisión do xurado.

O tempo para presenta-las obras establececese entre as 16:00 e as 16:30hrs. Solicitase, para facilitar a decisión, que cada participante preste o seu cabaleta para o momento de deliberación, devolvéndose ó finalizar a decisión do xurado.

O xurado dará a coñecer a súa decisión ás 17:30 do mesmo día na sala de exposicións Hospital da Trindade.

8)- Xurado

O xurado estará composto por persoas cualificadas e profesionais do mundo artístico e a súa decisión será inapelable. O xurado poderá declarar deserto o premio se non alcanzan as obras unha calidade suficiente a seu criterio.

9)- Obras

As obras presentaranse sen firma. (O soporte entregado levará un código de inscrición que corresponderá a cada participante).

10)- Data e lugar de exposición

A exposición de tódalas obras participantes iníciase, segundo a previsión do calendario de actividades da sala de exposicións Hospital da Trindade localizada na Acrópole de Monterrei.

As persoas participantes interesadas establecerán un prezo de venda para as obras non premiadas con obxecto de que podan ser adquiridas polos visitantes.

Os participantes poderán utilizar a sala como lugar para expor a súa colección de obras, seguindo o calendario de exposicións previsto pola organización da mesma.

11)- Organización

A organización non se responsabiliza das perdas ou danos que puideran sufrir as obras, que estarán cuidadas e protexidas en todo momento

A firma da solicitude de participación supón unha declaración de coñecemento das Bases e o compromiso de cumprimento das mesmas. A solicitude, deberá acompañarse dunha fotocopia del D.N.I. de la persona solicitante.

Os datos e a información incluída nas solicitudes serán tratados de conformidade co establecido na lexislación vixente en materia de protección e tratamento de datos persoais (Ley orgánica la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, y su normativa de desarrollo).

12)- Devolución das obras non premiadas:

As obras non premiadas poderán retirarse unha vez finalizada a exposición, sempre previa solicitude e concertando unha cita no 988361360. Para isto a/o creador/a mostrará unha identificación persoal e firmará a orde de retirada da obra a través de instancia. Os autores e autoras poderán delega-la recollida noutra persoa que deberá estar autorizada por escrito, e acompaña-la mesma con copia do DNI ou pasaporte da persoa que creou a obra, e orixinal da persoa á que se autoriza para retirala.

En caso de solicitar á organización o envío da obra, os gastos de envío correrán por conta da persoa participante. A organización velará pola conservación das obras non retiradas pero non se responsabilizarán dos danos, perda, roubo, etc., que poidan sufrir durante a custodia das mesmas.

No caso de non ser retiradas as mesmas no prazo indicado, pasarán a ser propiedade do Concello de Monterrei, en aplicación do artigo 609 do Código Civil e preceptos concordantes, ó ter mediado título de adquisición, por aceptación das bases polas persoas participantes, e haberse perfeccionado no modo a través da tradición ou entrega do ben polos autores/as.

NOTAS:

- *Si o día previsto non fose posible a celebración por causas meteorolóxicas, a organización determinará outra data que será comunicada a tódolos participantes mediante publicación da noticia ou os medios necesarios para o seu coñecemento.*
- *A organización reservase o dereito a modificar ou ampliar cualquera dos puntos destas bases, así como a resolver as circunstancias non contempladas que durante o desenrolo da actividade se teñan producido.*

- .

CONCURSO INTERNACIONAL DE PINTURA AL AIRE LIBRE EN MONTERREI

Número de inscripción:

FICHA DE INSCRIPCIÓN.

Nome:

Apelidos:

DNI:

DIRECCION:

CP:

Poboación:

Provincia:

Teléfono:

e- mail:

Sinatura* e data: __ de __ _____ do 202__

*(Si se fai a inscrición vía mail firmarase o día do certame).

A participación neste certamen implica a aceptación das bases do mesmo.

